



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: SUSPENSIÓN DA CONTRATACIÓN Nº 2022/C004/000002 CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN MEDIDA CAUTELAR Nº 77/2023 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

EXPEDIENTE TEDEC Nº 2022/C004/000002.

MEDIDA CAUTELAR TACGAL Nº 77/2023.

Resultando que a Xunta de Goberno Local do Concello de Camariñas, en sesión Extraordinaria, de data xoves 16 de novembro de 2023, adoptou en relación o asunto de referencia, a súa conformidade á suspensión do procedemento de contratación ata solventar o presente recurso (205/2023).

Considerando a notificación recibida nesta Administración polo TACGal que literalmente di:

“Asunto: notificación de resolución sobre medida cautelar

Notifícolle a resolución sobre medida cautelar ditada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no recurso especial en materia de contratación número 205/2023, interposto por RURIS LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA SL contra a súa exclusión da licitación dun contrato de limpeza de edificios municipais varios para o Concello de Camariñas, integrado por dous lotes, expediente 2022/C004/000002 dese Concello.

O artigo 54 da lei 9/2017, de contratos do sector público, dispón: “Comunicacións e notificacións. As comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para resolver os recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse por medios electrónicos.”

A resolución achégase no arquivo anexo.

O órgano de contratación procederá segundo o previsto no artigo 25.2 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia ncontractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, que en relación a estas resolucións de medidas cautelares establece: “Una vez recibida la notificación, si se acordara la suspensión, el órgano de contratación la llevará a cabo de inmediato.”

Vista a medida cautelar Nº 77/2023 do mesmo organismo que literalmente di:

“(...) **Adoptar a medida cautelar** de suspensión respecto dos **lotes 1 e 2** da licitación dun contrato de limpeza de edificios municipais varios para o Concello de Camariñas, expediente 2022/C004/000002 dese Concello.”

Dado que a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación xa prestou a súa conformidade á suspensión do procedemento de contratación ata solventar o recurso.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente e conforme o informe aprobado na Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Suspende a tramitación do procedemento de contratación Nº 2022/C004/000002, consecuencia da medida cautelar 77/2023 notificada a esta Administración e procedente do TACGal.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

SEGUNDO.- Proceder a publicación deste acordo na Plataforma de Contratos do Estado para xeral coñecemento dos licitadores.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CAMARIÑAS, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Sandra Insua Rial*

A secretaria acumulada, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]